



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O INSTITUTO COMPLUTENSE DE CIENCIAS MUSICAIS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO ALUMNADO DO MÁSTER EN XESTIÓN CULTURAL: MÚSICA, TEATRO E DANZA.

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG nº 273 do 10 de febreiro de 2015), no exercicio das súas competencias que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente.

D. Álvaro Torrente Sánchez-Guisande, en nome e representación do INSTITUTO COMPLUTENSE DE CIENCIAS MUSICAIS (ICCMU) e do *Máster en Xestión Cultural: Música, Teatro e Danza* (en diante Máster), do que é Director por nomeamento do Reitor Magnífico da Universidade Complutense de Madrid o 9 de xaneiro de 2014, actuando en virtude da delegación de competencias acordada pola Comisión Executiva do ICCMU o 5 de febreiro de 2015, con domicilio para os efectos do presente convenio en c/ Fernando VI, nº 4 , 28004 de Madrid e CIF Q-7850058-D.

As dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

1.- Que o ICCMU é un centro universitario adscrito á Universidade Complutense de Madrid que ten como fins principais a investigación científica, a recuperación e conservación do patrimonio, o ensino especializado, o asesoramento técnico e prestación de servizos e a difusión e divulgación do coñecemento sobre a música española e hispanoamericana.

2.- Que por iso ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica do alumnado do ICCMU.

3.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado do ICCMU.

De acordo co anterior, o ICCMU e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acordan asinar un convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

1 Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para unha adecuada regulación, programación, desenvolvemento e verificación de prácticas tuteladas do alumnado do Máster en Xestión Cultural: Música, Teatro e Danza (en diante Máster) nas dependencias dos museos propios e xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



Os museos nos que se levarán a cabo as prácticas e que se adhieren a este convenio son os museos que figuran no anexo II deste convenio, todos eles xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2 Obxecto das prácticas

O obxecto das prácticas é o desenvolvemento por parte dos alumnos e alumnas do Máster de habilidades e competencias de xestión cultural e a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos para que, unha vez finalizado o seu período de estudos, poida dispoñer dunha perspectiva que lle permita a súa inserción no mundo laboral.

3 Número de Prazas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acollerá aos/as alumnos/as do Máster nos museos propios e xestionados, en calidade de estadía de prácticas, de acordo coas convocatorias que faga o ICCMU.

4. Número de horas e créditos que se recoñecerán

As prácticas que realicen os/as alumnos/as constarán de 200 horas como mínimo. Computarase un crédito por cada 25 horas de prácticas realizadas ao amparo deste convenio, sen que poidan superar os límites que, para estes efectos, establezan os plans de estudio.

Nestas horas estará incluído o tempo de titorías dos/as alumnos/as, así como o necesario para a elaboración da memoria que se establece neste convenio.

Mentres dure o período de prácticas, o/a alumno/a continúa sendo estudiante do Master para todos os efectos, sendo obligatoria a asistencia a clases os venres cada quince días en Madrid, segundo o calendario do Master.

5. Titores/as responsables e órgano universitario responsable

A Comisión de Seguimiento nomeará, para cada un dos períodos e prazos das prácticas que se convoquen, as persoas, por parte do ICCMU e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuarán como coordinadores-responsables.

6. Selección dos/as alumnos/as

O ICCMU seleccionará as persoas que vaian realizar as prácticas mediante unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

7. Memoria das prácticas

Al final de cada período de prácticas cada un dos/as alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.



8. Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizaraa o ICCMU a través do titor/a, tendo en conta a memoria final e o informe do titor/a de prácticas da institución colaboradora.

Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia total non excede do 15% das horas programadas ou o que determine a guía docente do programa de estudos.

9. Relación coa entidade colaboradora

O feito de que o alumnado realice prácticas nun centro dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non suporá ningún tipo de relación laboral con ela nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa banda.


O alumno/a non percibirá por parte do ICCMU cantidade económica algúnhha en concepto de retribución pola actividade que puidese resultar das súas prácticas.

Para calquera eventualidade ou accidente que puidese producirse no centro de traballo ou desprazamento ao mesmo en transporte público, o alumno está cuberto polo seguro colectivo que expresamente o ICCMU contratou para tal fin.

10. Comisión Mixta de Seguimiento

Para o seguimento do convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán, polo ICCMU, Gianula Kanelos Poblete, Coordinadora do Área de Prácticas e Desenvolvemento Profesional do Departamento de Xestión Cultural do ICCMU ; por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a persoa que esta designe.

Esta Comisión Mixta comprométese a cumplir os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- 
- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
 - Propoñer *addendas* ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

11. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas tivese acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non os revelará a ningunha persoa allea á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ; da mesma forma, en relación coa información á que tivese acceso, non poderá utilizala ou disponer dela maneira ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, deber que subsistiría aínda despois de finalizadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á consellería, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa pudieran derírse ante a Axencia Española de Protección de Datos.



Con este obxecto o/a estudiante asinará coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un documento no que se obrigue a cumplir o deber de segredo antes citado

12. Normas de aplicación

A este convenio seralle de aplicación a seguinte lexislación:

- Real Decreto 1707/2011, do 10 de decembro de 2011, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudiantes universitarios.
- Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais.

13. Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estará vixente ata o final do curso académico correspondente. Prorrogarase automaticamente por cursos académicos sucesivos se ningunha das dúas partes o denúncia de maneira expresa, avisando con tres meses de antelación. En calquera caso, o convenio non poderá rescindirse no caso de que haxa alumnos/as seleccionados/as para realizar un período de prácticas, mentres non finalicen estas.

14. Xurisdición


Convén indicar que se trata dun convenio de colaboración de carácter administrativo, sendo necesaria a atribución á Xurisdición Contencioso-Administrativa da competencia de coñecer as cuestións litixiosas que poidan xurdir na execución deste convenio.

En proba de conformidade, as dúas partes asinan este convenio no lugar e na data que se indican máis abaixo.

Santiago de Compostela, a 23 de febreiro 2016


POLO INSTITUTO COMPLUTENSE DE POR
CIENCIAS MUSICALES

Alvaro Torrente Sánchez-Guisande



A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Roman Rodríguez González





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

ANEXO I

O/a alumno/a abaixo asinante, declara a súa conformidade para realizar prácticas, ao amparo do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto de Ciencias Musicais da Universidade Complutense de Madrid, a fin de completar a súa formación, aténdose ás normas contempladas no devandito convenio.

DATOS DO ALUMNO/A

ALUMNO/A:

N.I.F :

Endereço:

Teléfono:

Titulación:

DATOS DO MUSEO E DAS PRÁCTICAS

Data de inicio: de de 20

Data de finalización:de de 20

Persoa de contacto:

Teléfono:

Endereço de realización das prácticas:

Xornada:

Horario:

Días da semana:

Total horas de prácticas:

Programa formativo (contido das prácticas):

TITORES

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA:

D.,

TITORA POLA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE: GIANULA KANELOS POBLETE

Polo museo

O/a alumno/a

Polo Instituto de Ciencias Musicais

Fdo:

Fdo.

Fdo:



NOTA: Este anexo cubrirase por triplicado: un exemplar para o museo, un exemplar para o/a estudiante e un exemplar para o Instituto.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano, Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

ANEXO II

Relación de museos nos que poderán realizarse as prácticas externas:

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MUSEO DE BELAS ARTES (A CORUÑA)

MUSEO MASSÓ DE BUEU (PONTEVEDRA)

MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA (LUGO)

MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA (OURENSE)

MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MUSEO DO MAR DE GALICIA EN VIGO (PONTEVEDRA)

